



ROSCAS COMO PUÑOS DE GRANDES

Visto o visto parece que na Idade Media en Pontevedra comías unha rosca e merendabas.



QUEIXO, VIÑO, LICORES E DOCES

A praza de Verdura converteuse nunha pousada da Idade Media onde se podía comer de todo.



¿QUE PINTA ESTE HOME NA FEIRA FRANCA?

Iván Prado participa na actividade de setembro pero onte presentaba o Festiclown 2002.

Asociacións de todo tipo están involucradas na Feira Franca. O Festiclown corre a cargo de Cooperactiva Cultural

Eran sete magníficos e volvéronse tolos de remate no Teatro Principal

O Festival Internacional de Clown de Galicia preséntase nun escenario pontevedrés

OLEMA

'Fai o clown e non a guerra'

Do 15 ó 21 de xullo, Pontevedra énchese dun son: o da risa. Alomenos iso é o que intentará a xente do Festival Internacional de Clown de Galicia por terceiro ano consecutivo. Nesta ocasión, a iniciativa desenvolverase baixo o lema 'Fai o clown e non a guerra'. A imaxinación e a troula, unha vez máis, mesturaranse co discurso social máis comprometido.

Jango Edwards será o encargado de botar a andar o festival. En Pontevedra estreará para todo o Estado o espectáculo 'Wfunradio 121'. Este amigo de Fellini e dos mesmos Rolling Stones volve á cidade despois de pechar, o ano pasado, o Festiclown número dous. O autor da obra que se representou onte no Principal, Carlo Colombaioni, é o personaxe elixido este ano para homenaxear ó longo de todo o festival. Na gala que clausurará esta cita co humor realízaráselle un tributo a través de actuacións como a de Pepe Viyuela.

Na Mostra Internacional, Pepa Plana presentará 'De Pe a Pa'. A posta en escena do espectáculo será unha estrea en Galicia. Outro que volve, como Edwards, é Leo Bassi. O clown máis politicamente incorrecto de Europa mantén a súa especial vinculación co festival con esta volta a Pontevedra para presenta-lo seu último traballo. Os galegos Mofa e Beña virán ó Principal para dar a coñece-lo espectáculo 'Cultura para dar e tomar'. Un día despois ca eles estarán no mesmo escenario o gañador do premio ó mellor espectáculo de rúa do Festival de teatro de Calle de Valladolid, Loco Brusco. Finalmente, na mostra tamén se poderá ver o último traballo de Dirty Fred.

Non penses que poderán evita-lo Festiclown sen ir ós espectáculos da mostra. Os pallazos e mimos estarán polas rúas, polas prazas, portódalas esquinas... Non se pode escapar.



Ata o día 26 deste mes poderán inscribirse tódolos grupos que queiran organizar xantares ou ceas medievas nas rúas e prazas da zona vella. O mesmo día é a referencia que teñen para apuntarse os artesáns que desexen facer unha demostración de oficios tradicionais, os vendedores de produtos e aquelas persoas que desexen colocar postos de exposición polas rúas e prazas. Dende a organización lembrouse que, en calquera caso, os que soliciten participar na Feira deberán axentarse ás normas que rexen a selección de peticións. Esta presentación tan adiantada forma parte dun proxecto de fomento á participación na Feira, ideado polo Concello e no que se inclúen o curso de decoración medieval que se celebrou na Casa da Luz e o curso de patronaxe medieval que está tendo lugar durante estas días nese mesmo centro. Para as vindeiras semanas hai previstos cursos de danzas medievas e de gastronomía da Idade Media. Se se lles fixo a boca auga repasando o que se puido saborear onte na Verdura ou se lles gustou tanto que queren aprender a facelo, apúntense a esas últimas clases. Setembro chega pronto.

TEXTO: BELÉN LÓPEZ
FOTO: GONZALO GARCÍA

◆ Todo a punto para a terceira edición do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) que se celebra en Pontevedra. Tan a punto como que onte se celebrou a representación teatral coa que oficialmente se presentou por toda Galicia e que finalmente se puxo en escena en Pontevedra. Os membros da compañía 'Os sete magníficos máis un' foron os encargados de darlle vida ós 'tolos' de 'Manicomio só para clowns'. Presentounos o home que vén sendo a alma e o corazón do festival, Iván Prado. A obra contaba cun aval máis que suxerente, estar escrita e dirixida por un mestre nisto da comedia: Carlo Colombaioni. Dende a organización afirman que está considerado "o mellor clown do mundo". Outro aliciente para asistir era que o recaudado ía a parar a un Fondo Clown Solidario que nesta edición pretende levar unha caravana de pallazos pola paz a Palestina. Para conseguilo obxectivo cóntase coa colaboración de Pallazos sin Fronteras.

IQUÉ XENTE!◆ 'Manicomio só para clowns' é un espectáculo protagonizado por seis clowns galegos que se presentan ante o público dándolle vida a unha serie de personaxes cu-

riosos e divertidos. Colombaioni recuperou para esta farsa algunhas técnicas das máis tradicionais da súa saga familiar. O formato que emprega é o de varios sketches unidos entre si por un fio conductor. Ese punto de unión entre tódolos gags só se comprende ó finaliza-la obra. As historias que se van sucedendo recrean para o público as aventuras dun personaxe clásico da literatura universal ideado por Miguel de Cer-

vantes, Don Quijote. Xunto a el, inseparable da súa figura, camiña o escudeiro Sancho Panza. Pero non é o único gran nome do que se lembran os espectadores da obra. Entre as distintas vidas que se van recreando aparece o mesmo Guillermo Tell con problemas de puntería.

ACTIVIDADES◆ A representación teatral de onte no Teatro Principal serviu tamén para que, a falta da presentación do programa de actividades oficial ante os medios de comunicación, se vaian adiantando as primeiras informacións sobre o Festiclown. Dende a organización do festival afirman que este ano o abano de posibilidades é máis amplo e de mellor calidade que nas outras dúas ocasións. Entre as iniciativas que se anuncian están o apartado de formación, Formaclown; as intervencións pola cidade dentro de Descloowntrol nas rúas; os certames de participación abertas a artistas e compañías; o Maraclown; a festa de improvisación Clown Sesión; e un espazo transgresor creado coa vontade de exhibir aqueles espectáculos que aínda están en construción, Clown Off. Vaian sorrindo. Que os ataques de riso non os pillen por sorpresa.

CAUTOR

Carlo Colombaioni

O mestre italiano Carlo Colombaioni é o autor e director de 'Manicomio só para clowns'. O artista estivo hai uns días en Pontevedra impartindo un curso de 'commedia dell'arte' no Pazo da Cultura. Herdeiro dun xeito de actuar cunha tradición difícil de atopar en técnicas interpretativas, Colombaioni é un deses colaboradores que o Festiclown ten ciscados por todo o mundo. Dende a organización teñen presumido en máis dunha ocasión de que algún dos seus maiores logros reside en que tódolos artistas que veñen quedan encantados e queren volver.